



Talía

Visibilidade dixital das protagonistas femininas agochadas no teatro histórico

1

PUNTO DE PARTIDA

O teatro no século XIX é voceiro de discursos sociais, políticos e culturais moi relevantes, en moitos casos enunciados polas personaxes femininas. Porén, os títulos das obras remiten, polo xeral, aos seus referentes masculinos, sexan estes ou non o eixo do drama. Deste xeito, ademais de preorientarse a interpretación dos textos, a pertinencia das mulleres protagonistas vólvese indetectable en repertorios, catálogos e bases de datos, que indizan os dramas polo seu título e que, ao non dispor dunha edición moderna en rede, tampouco facilitan a búsqueda neles.

2

FINALIDADE DO PROXECTO

Crear un espazo dixital para editar electrónicamente estes dramas, poñer en valor o seu descoñecido protagonismo feminino, facer rastrexables na rede as personaxes e os discursos que desenvolveron, e asociar todo iso cos ecos e a repercusión que a representación do drama acadou no seu momento.

3

OBXECTIVOS

1. Localizar e identificar as protagonistas femininas realmente determinantes no conflito dramático dos dramas históricos do século XIX que as agochan no seu título.
2. Poñer en valor a relevancia do discurso desas personaxes na conformación da literatura dramática moderna.
3. Recapacitar sobre os sesgos dun canon teatral que se elabora desde o descoñecemento (ou ocultación) do protagonismo feminino.
4. Incorporar o protagonismo feminino na literatura dramática á web, para favorecer búsquedas que inciten a curiosidade en calquera nivel, tamén o académico, por eses nomes e as mulleres da historia que os inspiraron.
5. Rescatar para as/os máis novas/os nomes de mulleres que fixeron historia e pasaron á literatura.



4

METODOLOXÍA

1. Rastrexo dos títulos e sistemática comprobación da pertinencia dos discursos femininos coas ferramentas propias da hermenéutica.
2. Metodoloxía ecdótica na edición dos textos e da historiografía para a adecuada interpretación dos conflitos dramáticos.
3. Ferramentas dixitais para a publicación electrónica e a consulta relacional dos datos e dos textos.

6



UN ESPAZO EN CRECEMENTO PARA A VISIBILIDADE DIXITAL DAS PROTAGONISTAS FEMININAS E DOS SEUS DISCURSOS



5

RESULTADOS

1. Sala TALÍA: espazo web propio na biblioteca dixital TECER para a compilación dos dramas, repertoriados polo nome da súa protagonista feminina xunto ao título oficial.
2. Posibilidade de análise relacional dos dramas no contexto da base de datos.
3. Trazabilidade na rede das personaxes femininas individualizadas.
4. Xeración de coñecemento sobre o patrimonio da provincia de Pontevedra: edición de María Maldonado en Paio Gómez Charino (1867)



UN EXEMPLO SIGNIFICATIVO: MARÍA MALDONADO, DAMA PONTEVEDRESA DO SÉCULO XIII, MOTOR DA ACCIÓN EN PAIO GÓMEZ CHARINO, DE EMILIO ÁLVAREZ GIMÉNEZ.

